

Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

Primaria. 3 a 7 anos

Cal é a vosa cor?



Educación Primaria

3 a 7 anos



Nivel

Medio
alto



Temporalización

6 sesións



Socios

4 a 6 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A través dunha videoconferencia realízase a primeira toma de contacto entre o alumnado dos países membros. Mediante o xogo a cada centro asígnaselle unha cor que o representará durante todo o proxecto.

Realízanse vídeos das distintas dependencias dos centros utilizando verbos de acción e compártense nun taboleiro dixital.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Participación en dinámicas de grupo internacionais e gamificación durante videoconferencia.
2. Compartir cos demais centros cómo son as diferentes dependencias do seu colexio utilizando verbos de acción.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación




Ordenador con cámara web, altosfalantes, micrófono, pizarra dixital ou proxector.



Paso 1: Xogo das cores.

Esta actividade será a primeira toma de contacto entre o alumnado dos diferentes centros membros. Para isto o profesorado organiza unha videoconferencia a través do Twinspace na que tanto o alumnado como o profesorado comezan saudándose e repasan as cores grazas ó seguinte xogo.

Cada profesor ou profesora previamente preparou tarxetas coas diferentes cores. O 1º centro amosa unha serie, o alumnado de todos os demais reproducen a mesma serie. O 2º centro ten que engadir o seguinte elemento da serie, despois o 3º centro e así ata que todos participen. Repítese a mesma actividade de maneira que todos os centros inician a serie.



Paso 2: Asignamos as cores.

Cada profesor ou profesora ten unha gran caixa con globos de cores distintas, tantas cores como centros membros. Un alumno ou alumna do 1º centro, sen mirar, saca un globo para o 2º centro que será a súa cor para o proxecto, en todos os colexios se descarta tamén dita cor. No 2º centro sácase a cor do 3º e así sucesivamente ata que todos teñan asignada a súa cor.



Paso 3 :Cal é a túa cor?

Elabórase unha táboa na que se amosan o nome do centro, cidade, país e a cor asignada e publícase no TwinSpace. Inicio do mural permanente do proxecto no que se amosa o traballo colaborativo entre equipos internacionais.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 4: “Walking, Walking”

O profesorado repasará os verbos de acción antes de comezar o seguinte paso. Para isto poderán utilizarse algunhas cancións, por exemplo “[Walking in the jungle](#)”, “[Walking, walking](#)”

Paso 5: Como é o teu cole?

Ábrese un tabolero dixital no que cada centro sobe unha imaxe da súa cor, nela debe aparecer o nome do centro e o país. Xunto a cada cor sóbese un sticky indicando o lugar dos outros colexios que o seu alumnado quere ver, un debuxo

dese lugar e outro debuxo que represente o verbo de acción que ten que usar o alumnado para amosar a dependencia do seu centro.

No TwinSpace incrustase o taboleiro para que todos podan observar o progreso da actividade.



Paso 6: Completamos os recantos

Descárganse as imaxes que representan os verbos de acción que cada colexio subiu ó taboleiro dixital. Repásanse e practícanse ditas accións e posteriormente coloréanse e engádense ós recantos de cada colexio membro.

Paso 7: Este é o meu colexio

Finalmente grávanse vídeos do alumnado ensinando as distintas dependencias do seu centro seguindo as instrucións que o alumnado dos demais centros indicou.

Cada centro expón un reto semanal no que os demais colexios teñan que realizar un vídeo, breve, de 1 a 2'5 minutos, no que se amosan os lugares elixidos no taboleiro

Estes vídeos sóbense tamén ó taboleiro dixital para finalizar o traballo no mesmo e así córrase a actividade.

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 8:

Para recoller la máxima información da actividade, débense facer fotografías e vídeos da mesma; se a videoconferencia fose creada desde o eTwinning Live, pode ser gravada.

Posteriormente, pódense subir imaxes, vídeos ou presentacións do proceso a unha páxina dentro do TwinSpace.



O profesorado comenta o desenvolvemento da actividade no Diario de proxecto.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Obterase material con información sobre todos os centros membros do proxecto, recollidos nun Linoit.

Mural permanente do proxecto no que se amosa o traballo colaborativo entre equipos internacionais.

Fotografías e presentacións do desenvolvemento da actividade, tamén unha gravación da videoconferencia.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartir fotos ou vídeos da actividade,
- Taboleiros ou muros dixitais: Lino it: linoit.com ou Padlet: <https://padlet.com> -Videoconferencia en TwinSpace ou Skype.
- Vimeo ou Youtube para a edición e almacenamento de vídeos.
- Para presentacións de fotos Slideshare:<https://es.slideshare.net> ou Photopeach: <https://photopeach.com>